

IDEAS CLAVE



RESUME

DOCUMENTOS

1.- A MONARQUÍA ABSOLUTA

"É só na miña persoa onde reside o poder soberano, cuxo carácter propio é o espírito de consello, de xustiza e de razón; é a min a quen deben os meus cortesáns a súa existencia (...); só a min me pertence o poder lexislativo sen dependencia e sen división (...); a orde pública emana de min, e os dereitos e os intereses da Nación, dos que se adoita facer un corpo separado do Monarca, están unidos necesariamente ao meu e non descansan máis ca nas miñas mans."

LUIS XV, rei de Francia. Discurso ao Parlamento de París (03/03/1766)

2.- XUSTIFICACIÓN DA ORIXE DIVINA DO PODER REAL



"Deus estableceu aos reis como os seus ministros e reina mediante eles sobre os pobos (...). Os príncipes actúan como os ministros de Deus (...). Por iso, o trono real non é o trono dun home, senón o do mesmo Deus. Por todo o anterior, a persoa do rei é sagrada e atentar contra ela é un sacrilexio."

BOSSUET (1709)

3.-



IDEAS CLAVE



RESUME


DOCUMENTOS

1.-O PODER E AS SÚAS LIMITACIÓNS

Sempre que un número de homes se unen nunha sociedade renunciando cada un deles ao poder de executar a lei natural cedéndoa á comunidade, entón e só entón se constitúe unha sociedade política ou civil. Por ese feito se autoriza á sociedade, ou o que é o mesmo, ao seu poder lexislativo, a facer leis no seu nome segundo conveña ao ben público da sociedade [...]. Agora ben, este poder lexislativo supremo [...] está sometido ás seguintes restricións: en primeiro lugar, non pode ser un poder arbitrario sobre as vidas e os bens das persoas [...]; en segundo lugar, non pode atribuírse a facultade de gobernar por decretos improvisados e arbitrarios [...]; en terceiro lugar, non pode arrebatarse ningunha parte das súas propiedades a un home sen o seu consentemento [...]. En cuarto lugar, o poder lexislativo non pode transferir a outras mans o poder de facer leis, xa que posúe ese poder unicamente por delegación do pobo. O pobo é o único que pode sinalar cal debe ser a forma de goberno dunha comunidade política, e iso se fai cando se institúe o poder lexislativo e se sinala en que mans debe estar.

John LOCKE. Tratado sobre o goberno civil (1690)

3.-



A Revolución Industrial



Definición: conxunto de cambios ocorridos no Reino Unido entre 1730 e 1850 que transformaron profundamente unha economía agrícola e comercial noutra industrial, grazas á aplicación de novas máquinas na industria, nos medios de transporte e nas comunicacións.


é

a Revolución Industrial

acompañada por

importantes cambios na agricultura, a demografía, a política (liberalismo) e a sociedade (movemento obreiro e hexemonía da burguesía)

é causada por



DOCUMENTOS

1.- DOC 1

A Revolución Industrial inglesa foi precedida, cando menos, por douscentos anos de constante desenvolvemento económico (...). As condicións previas principais para a industrialización xa estaban presentes na Inglaterra do século XVIII. Cara a 1750 é dubidoso que se puidese falar de campesiñado propietario en extensas zonas de Inglaterra e é certo que xa non se podía falar de agricultura de subsistencia (...). Ademais, Inglaterra posuía un extenso sector manufactureiro altamente desenvolvido e un sector comercial aínda máis desenvolvido. O transporte e as comunicacións eran relativamente fáciles e baratas, xa que ningún punto do país dista moito máis de 100 km con respecto ao mar, e aínda menos con respecto a moitas canles navegables.

E. HOBSBAWM: *Industria e Imperio* (1968)

MAPA

